



UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
REXISTRO XERAL
12.XUN 01 02642
SAIDA

A Resolución rectoral do 21 de febreiro de 2000 de Matrícula nas Estancias en Farmacia ou Prácticas Tuteladas regula as Estancias dos alumnos da Licenciatura de Farmacia establecendo a súa aplicación a partir do curso 1999/2000.

Os alumnos poden formalizar a matrícula nas Estancias cando realizan a matrícula ordinaria sempre e cando reúnan os requisitos que establecen os propios planos de estudio e maila resolución reguladora das Estancias, sen embargo moitos alumnos reúnen os requisitos para realiza-las prácticas tuteladas despois da primeira convocatoria ordinaria de febreiro ou tras presentarse á Convocatoria de Fin de Carreira. Cómpre pois facer unha convocatoria de solicitude das Estancias para tódolos alumnos que pretendan realiza-las no primeiro período Marzo-Setembro, polo que

RESOLVO:

Primeiro.- Convócase ós alumnos matriculados na Licenciatura de Farmacia para solicita-las Prácticas Tuteladas correspondentes o período outubro 2001-marzo 2002, ó abeiro do establecido na Resolución Rectoral do 21 de febreiro de 2000.

Segundo.- Requisitos planos renovados: Os alumnos dos planos de estudio 1994 e 1999 para solicita-la realización das Estancias de Farmacia ou Prácticas tuteladas deberán ter superados ó menos 300 créditos ou 285 créditos respectivamente do seu plano de estudos.

Requisitos planos non renovados: No caso de estar cursando o plano de estudos de 1973 (non renovado) poden solicita-las prácticas, os alumnos que reúnan os requisitos para obte-la titulación de Licenciado en Farmacia no curso 2000/2001. Tamén poden solicitalas os Licenciados. Este é o último período para a realización das prácticas dos alumnos do plano de 1973.

Terceiro.- Prazo e lugar de presentación da solicitude: Deberán presentarse no impreso que se facilitará ós efectos na **Unidade de Xestión Académica do Campus Sur**, dende o **3 ó 14 de setembro** do ano que andamos e que figura como ANEXO a esta resolución.

Cuarto.- Período de matrícula: Nos tres días seguintes ós da elección de localidade.

Quinto.- Criterios para a elección de localidade: Os alumnos dos **Planos de Estudio renovados** (1994 e 1999) elixirán en función do expediente académico escollendo en primeiro lugar os alumnos coa puntuación máis alta.

Os alumnos do **Plano de estudos de 1973** (non renovado) elixirán localidade despois de que o fagan os alumnos dos planos de estudio de 1994 e 1999, en función do expediente académico escollendo os alumnos coa puntuación máis alta e segundo esta orde:

1º) Os alumnos matriculados no curso 2000/2001 que reúnan os requisitos para titularse entre as convocatorias de xuño e setembro.

2º) Os Licenciados.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sexto.- As datas e mailo lugar para a elección de localidade será comunicado polo Decanato da Facultade mediante a correspondente publicación no taboleiro de anuncios, así como o listado de Oficinas de Farmacia e Farmacias de Hospital que se ofertarán para a realización das prácticas.

Sétimo.- Liquidación de prezos públicos: Os alumnos dos planos renovados liquidarán os 15 créditos conforme o prezo que fixa para o presente curso académico 2001/2002 o Decreto da Xunta para estudos experimentais dos planos renovados.

Os alumnos dos planos non renovados farán a liquidación como unha materia solta e devengarán o prezo dunha materia cuadrimestral dun curso de menos de sete materias, segundo o mesmo decreto de prezos públicos.

Tódolos alumnos disfrutarán dos mesmos beneficios e exencións na matrícula das prácticas tuteladas que nas demais materias da titulación.

Santiago de Compostela 8 de xuño de 2001

O RECTOR

(P.D.r.r. do 5 de xuño de 2001)

O VICERRECTOR DE PROFESORADO




Cástor Méndez Paz

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS -SR. DECANO DA FACULTDE DE FARMACIA - SRA. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO - SR. XEFE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS - SR. DIRECTOR DO C.O.I.E. - SR. XEFE DO SERVICIO DA ASESORÍA XURÍDICA - SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SUR.



Don/Dona _____
Apellidos Nome

e con D.N.I. núm. _____

Enderezo durante o curso:

_____ Rúa Localidade Teléfono

Enderezo Familiar:

_____ Rúa Localidade Teléfono

Alumno do Plano _____ Curso _____

Licenciado/a no curso académico _____ (só alumnos plano 73)

ESPECIFICAR MATERIAS DAS QUE REALIZARÁN EXAME NA ACTUAL CONVOCATORIA DE SETEMBRO.

Solicita:

Ser admitido/a para a realización de Prácticas Tuteladas de acordo coa normativa establecida no convenio asinado pola Universidade de Santiago de Compostela e os Colexios Oficiais de Farmacéuticos e o SERGAS, no período de OUTUBRO a MARZO.

Santiago de Compostela, a _____ de _____ de 2001

(sinatura)